

Luísa Villalta

en lectura fácil



Día das Letras Galegas
17 de maio de 2024



**BIBLIOTECA PÚBLICA
DE OURENSE
NÓS**

Luísa Villalta
en lectura fácil

Texto en Lectura Fácil: Iria C. Bao

Revisión das pautas de Lectura Fácil: Elisabet Serra Casanovas

Fotografía da cuberta: Xurxo Lobato

© Iria C. Bao, polo texto, 2024

© Biblioteca Pública Nós, 2024

Primeira edición, 2024

Depósito legal: OU 183-2024



Este logo identifica os materiais
que seguen as directrices internacionais da IFLA
(International Federation
of Library Associations and Institutions)
para persoas con dificultades lectoras.
Outórgao a Asociación Lectura Fácil.
Para máis información: www.lecturafacil.net

Editado por:

Biblioteca Pública Nós

Rúa Canle, 6

32004 Ourense

Impreso en:

Aceroplus Obradoiro Gráfico

Rúa Camiño Caneiro, 4 baixo

32004 Ourense

Índice

1. Estudiante.....	5
2. Música.....	7
3. Profesora.....	9
4. Poeta.....	11
5. Dramaturga.....	14
6. Narradora.....	16
7. Ensaísta.....	18
8. Activista.....	20
9. Bibliografía.....	22
10. Agradecimientos.....	23

1. Estudante

Luísa Villalta naceu o 15 de xullo de 1957 na cidade da Coruña.

O seu pai Rafael e a súa nai María tiveron despois outra filla chamada Susana.

A familia vivía no barrio do Gurugú, que é tamén o nome dun monte. A xente púxolle este nome ao barrio porque ten moitas costas.

Os pais levaban as súas fillas aos espectáculos de ópera. Por iso, Luísa estudou no conservatorio onde aprendeu a tocar o violín.

Luísa estudou no colexio das Xosefinas
e despois fixo o bacharelato
no Instituto Eusebio da Guarda
onde a súa profesora de literatura
a animou a escribir.

2. Música

Luísa fixo a carreira
de Filoloxía na Coruña e Santiago.
A filoloxía é a ciencia que estuda
a lingua e a literatura dun pobo.

Estudou lingua e literatura castelá
e despois lingua e literatura
galega e portuguesa.

Luísa lamentou que o seu pai e a súa nai
lle falaran de pequena en castelán
e cando estudiaba na universidade
empezou a falar sempre en galego.

Na Universidade coñeceu ao seu marido quen tamén era músico e co que tocou no grupo de nome Escaino.

Chora Fame foi a canción máis coñecida do grupo, porque era a única que tiña letra e Luísa cantaba moi ben.

Luísa tamén tocou o violín na Orquestra de Santiago de Compostela e na Xove Orquestra de Galicia pouco despois de acabar a carreira.

3. Profesora

Luísa quixo dedicarse á música
pero era difícil vivir de tocar o violín.
Por iso, empezou a preparar as oposicións
para ser profesora de lingua e literatura galegas.

As oposicións son os exames
que hai que facer para ser profesora
nun instituto público.

Luísa traballou en varios institutos
ata que conseguiu a súa praza
no Instituto Isaac Díaz Pardo de Sada.
Sada é unha vila preto da Coruña.

Luísa foi unha profesora querida
por alumnos e profesores.

Sempre dixo o que pensaba
pero respectou aos que non
pensaban igual ca ela.

Prestou libros e deu consellos
aos alumnos aos que lles gustaba escribir
e por iso Luísa foi para eles moito máis
ca unha profesora.

4. Poeta

O primeiro libro de poemas de Luísa ten o título de **Música reservada**.

Luísa comparte nos poemas deste libro os seus pensamentos sobre a música, a poesía, o mundo e sobre si mesma.

O segundo libro de poemas de Luísa ten o título de **Ruído**.

Neste libro a poeta Luísa sae ao mundo para contar o que ve.

Rota ao interior do ollo é o terceiro libro de poesía de Luísa e ten cinco poemas. O libro publicouse en Portugal.

As palabras dun poema deste libro
forman o debuxo dun ollo.

Luísa gañou o Premio de Poesía Espiral Maior
polo seu libro de poesía de título **En concreto**.

Os poemas deste libro
falan da cidade Coruña.

Papagaio é un libro de fotos
e poemas sobre o barrio
do Papagaio da Coruña.

Os poemas deste libro falan da vida
das prostitutas que viviron neste barrio.

Luísa defende a súa dignidade
e critica que destruíran as súas casas
para construír pisos de luxo.

Luísa escribiu os seus últimos poemas
nun almanaque que tiña versos
doutros poetas en cada folla.

Estes poemas publicáronse despois no
libro de título **As palabras ingravidas**.

Luísa tamén publicou poemas
en libros escritos por varios escritores
como o libro de título **Negra Sombra**
con poemas contra a marea negra do Prestige.

Para Luísa a poesía ten que servir
para cambiar o que está mal no mundo.

5. Dramaturga

Unha dramaturga é unha muller
que escribe obras de teatro.

Concerto para un home só, O representante
e O paseo das esfinxes son os títulos
das tres primeiras obras de teatro de Luísa
e apareceron na revista de título
Cadernos da Escola Dramática Galega.

Luísa publicou despois a obra de título
As certezas de Ofelia na revista de título
Casahamlet.

As súas obras de teatro
falan de temas como a loita
entre o destino e a liberdade
para decidir como vivir.

Os doces anos da guerra é o título
da última obra de teatro de Luísa
e apareceu na Revista Galega de Teatro.

Luísa tamén traduciu a obra
de título **A mandrágora**
do italiano ao galego.

6. Narradora

Unha narradora é unha muller
que escribe relatos e novelas.

Un relato é un conto.

Luísa publicou o libro de relatos
de título **Silencio, ensaiamos**.

Ademais, publicou os seus relatos
en libros escritos por varios autores.

Luísa escribiu dúas novelas.

Unha novela é unha obra
máis longa que un relato
que conta unha historia.

A primeira novela de Luísa ten por título **Teoría de xogos** e conta as vidas de cinco persoas que traballan xuntas.

A segunda novela de Luísa é **As chaves do tempo** e escribiuna para os seus alumnos.

Esta novela conta unha historia que sucede nun tempo pasado en que houbo reis na Galiza.

7. Ensaísta

Unha ensaísta é unha muller
que escribe ensaios.

Os ensaios son libros
nos que dá a súa opinión
sobre un tema.

Luísa analizou a obra de teatro
de título **Don Hamlet** do escritor
galego Álvaro Cunqueiro
no seu primeiro ensaio.

Luísa dixo que a poesía e a música
son a mesma cousa no seu ensaio
de título **O outro lado da música, a poesía.**

Luísa escribiu tamén artigos
en periódicos e revistas.

Un artigo é un texto sobre un tema
que aparece en periódicos ou revistas.

O libro das columnas é un libro
dos artigos que Luísa escribiu
para a revista **A Nosa Terra**.

Os artigos tratan sobre temas
como a lingua galega ou a educación.

8. Activista

Unha persoa activista loita
para conseguir un cambio
en temas sociais ou políticos.

Así, Luísa participou en manifestacións
contra a guerra de Iraq ou do movemento
Nunca Máis contra o desastre do Prestige.

Ademais, participou en política
no Bloque Nacionalista Galego
e foi membro da Asociación de Escritores
en Lingua Galega.

Pouco antes de morrer Luísa
participou no Recital de poetas galegos
en solidariedade con Palestina.
Alí leu o seu poema de título **Debilidad**.

Durante toda a súa vida sempre
tocou o violino, que era como
chamaba ao seu violín.

Luísa morreu o 6 de marzo
do ano 2004 na cidade da Coruña
cando só tiña 46 anos.

9. Bibliografía

Para escribir este folleto
lin o libro de título **Abonda con vivir**,
da xornalista Montse Dopico,
que non está escrito en Lectura Fácil.

Para a explicación
dalgunhas palabras do texto
consultei a páxina web:
diccionariofacil.org

10. Agradecementos

Este texto escribino para a exposición
do Día das Letras Galegas
que se organizou na Biblioteca Nós
do 16 de maio ao 15 de xuño de 2024.

Grazas ás persoas da Asociación Aspanas
que leron e comentaron este texto nas sesións
do Club de Lectura Fácil da Biblioteca Nós.

bibliotecas.xunta.gal/ourense



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE